



XOVES I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Os **Premios de Transferencia de Tecnoloxía de Galicia 2017**, convocados pola Real Academia Galega de Ciencias (RAGC) e a Axencia Galega de Innovación (Gain), manteñen aberto o prazo de presentación de candidaturas ata o vindeiro **xoves 20 de xullo**.

O obxectivo destes galardóns é **recoñecer o traballo tanto do persoal investigador como do empresariado que aposta pola transferencia de coñecemento** como base para o desenvolvemento socioeconómico de Galicia. O público ao que van dirixidos estes premios son: **grupos de investigación, pemes e grandes empresas**, en tres modalidades:

- **Mellor traballo de investigación aplicada:**

Dirixido a grupos científicos que desenvolvan investigación aplicada e que estean adscritos a centros tecnolóxicos ou de investigación ubicados en Galicia. Dotado con 6.000 euros netos, aos que se suma unha axuda de 4.000 euros para a formación dun membro do equipo gañador, durante unha estancia de entre dous e tres meses nun centro de investigación de fóra de Galicia.

- **Mellor caso de éxito en pemes:**

Dirixida ás pemes galegas (incluíndo as microempresas) que acrediten innovacións procedentes da adquisición dunha patente, dun proxecto conxunto cun ou varios grupos de investigación ou outro mecanismo calquera de transferencia. Neste caso, a dotación do galardón ascende a 12.000 euros netos.

- **Mellor caso de éxito en grandes empresas:**

O premio toma como referencia os mesmos méritos que se valoran nas pemes, coa diferenza de que o premio para a empresa ten carácter honorífico e o grupo de investigación percibirá 6.000 euros netos en concepto de apoio ao seu traballo no eido da transferencia de coñecemento.

Podedes consultar as bases completas e a documentación a presentar nas webs da [RAGC](#) e da [GAIN](#).

Agardamos que esta información sexa do voso interese e despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí .Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.

ESTAMOS EN REDES SOCIAIS
SÉGUENOS NAS TÚAS REDES FAVORITAS!

